



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Macroeconomía	Código	650G01015	
Titulación	Grao en Ciencias Empresariais			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Bruna Quintas, Fernando	Correo electrónico	f.bruna@udc.es	
Profesorado	Bruna Quintas, Fernando Lindoso Tato, Elvira	Correo electrónico	f.bruna@udc.es elvira.lindoso.tato@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Trátase de ter unha visión do funcionamento dos mercados no marco da Teoría Económica. Estudarase a metodoloxía económica, basicamente macroeconómica. A análise desenvolverase empregando modelos matemáticos sinxelos e con apoio gráfico.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizan cambios nos contidos da materia</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen *Metodoloxías docentes que se modifican As clases maxistras substitúense por videoconferencias, grabacións en Teams, YouTube ou similar. A solución de problemas farase a distancia có apoio e seguimento dos profesores, podéndose utilizar medios telemáticos como videoconferencias, chats en Teams ou correo electrónico. A proba obxectiva manterase, adaptándoa á avaliación a distancia.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado A atención personalizada ao alumno ou tutorías levarse a cabo por calquera medio que permita conectar có profesor, xa sexa a través de Moodle, Teams ou correo electrónico, respetando, no posible, os horarios de tutoría. De todos os xeitos, a atención ao alumno adaptarase con flexibilidade ás súas necesidades en horario compatible coa la dispoñibilidade do profesor.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Non se realizarán modificacións nos criterios de avaliación en ningunha das oportunidades. *Observacións de avaliación: Suprímense as notas mínimas para sumar a avaliación continua co examen final.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizarán cambios nas referencias nin no material bibliográfico.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	CE1 - Aprender a aprender, por exemplo, cómo, cándó, ónde novos desenvolvementos persoais son necesarios.
A3	CE3 - Comprender detalles do funcionamento empresarial, tamaño de empresas, rexións xeográficas, sectores empresariais, vinculación con coñecemento e teorías básicas.
A9	CE9 - Comprender os principio éticos, identificar as implicacións para as organizacións empresariais, deseño de escenarios.



A11	CE11 - Definir criterios de acordo de cómo unha empresa é definida e vincular os resultados coa análise do entorno para identificar perspectivas.
A12	CE12 - Definir obxectivos, estratexias e políticas comerciais.
A17	CE17 - Identificar o impacto dos elementos micro e macroeconómicos na organización empresarial.
A21	CE21 - Identificar e utilizar as ferramentas adecuadas de matemáticas e estatística.
A23	CE23 - Uso de instrumentos para a análise de entornos empresariais.
A24	CE24 - Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais.
B1	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B4	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
B5	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B6	CG1 - Que os estudantes formados sexan profesionais versátiles, capacitados tanto de iniciar o seu propio negocio como de desempeñar labores de deseño, planificación, organización, xestión, asesoramento e avaliación nas áreas e departamentos contables, financeiros e fiscais de organizacións empresariais, con especial referencia ás pequenas e medianas empresas.
B7	CG2 - Que os estudantes posúan unha elevada capacitación metodolóxica de xestión e tratamento da información que lles proporcione vantaxes competitivas, non só no seu labor profesional, senón nunha sociedade global en permanente transformación. Para iso, o Grao debe estar dotado dun axeitado nivel de interdisciplinidade, transversalidade e integración nas súas materias.
B8	CG3 - Que os estudantes presten especial atención aos cambios que, tanto en conceptos, coma en metodoloxía ou en aplicacións, implican no mundo empresarial as novas tecnoloxías da información e as comunicacións. Así mesmo deben poder obter e actualizar os coñecementos específicos que teñan como base a aparición de novas leis e regulamentos que afecten ao mundo fiscal, financeiro ou contable.
B9	CG4 - Que os estudantes integren a aprendizaxe na súa vida e no seu labor profesional, a través da metodoloxía de ensino que lles achega o Grao, o cal lles proporciona unha formación básica xeral que servirá como puntal para a formación continua ao longo da vida.
B10	CG5 - Que os estudantes teñan unha perspectiva integral e destreza no manexo dos conceptos, técnicas e ferramentas empregados en cada unha das diferentes áreas funcionais, con especial referencia ás contables, financeiras e fiscais da empresa; así como entender as relacións que existen entre elas e cos obxectivos xerais da organización. Todo iso tendo en conta os principios de sustentabilidade e responsabilidade social das mesmas.
B11	CG6 - Que os estudantes saiban identificar e anticipar oportunidades, asignar recursos, organizar a información, realizar asesoramento fiscal e contable, control orzamentario, xestión de tesouraría, auditorías de contas e temas concursais (suspensións de pagamentos e quebras), tomar decisións en condicións de incerteza e avaliar resultados.
B12	CG7 - Que os estudantes sexan capaces de liderar proxectos nas áreas de valoración da empresa, de dirección estratéxica e financeira; deben poder entender a información contable das empresas co fin de obter conclusións e realizar predicións tanto sobre rendementos coma sobre riscos futuros.
B13	CG8 - Que os estudantes identifiquen os requisitos legais da información financeira aos que a empresa debe enfrontarse.
B14	CG9 - Que os estudantes manifesten respecto aos dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, o respecto e a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.
C1	CT1 - Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	CT2 - Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	CT3 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.



C4	CT4 - Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	CT5 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	CT6 - Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	CT7 - Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	CT8 - Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Saber acceder ás fontes bibliográficas e ás fontes de datos económicos.	A23		C3 C6
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.	A1 A3 A9	B1 B2 B3	C1 C2 C3
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.	A11 A12	B4 B5 B6	C4 C5 C6 C7 C8
Adoptar unha actitude emprendedora e de colaboración.	A9		C4 C5 C6 C7
Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido.	A21 A23 A24	B7 B8 B11	
Comprender e interpretar os obxectivos das políticas macroeconómicas monetarias, fiscais e de oferta	A17 A24	B2 B3 B9 B10	
Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos.	A1 A3	B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 B12 B13	C3
Comunicarse con fluidez no seu contorno e traballar en equipo			
- Contribuír á formación integral do estudante complementando a aprendizaxe teórica e práctica. - Facilitar o coñecemento da metodoloxía de traballo adecuada á realidade profesional. - Favorecer o desenvolvemento de competencias técnicas, metodolóxicas, persoais e participativas. - Obter unha experiencia práctica que facilite a inserción no mercado de traballo. - Favorecer os valores da innovación, a creatividade e o emprendimento.	A3 A9	B14	C2 C3 C6 C7 C8



Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais acerca de cómo funciona a economía	A3		C1
	A11		C3
	A21		
	A23		

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1. MACROMAGNITUDES NA CONTABILIDADE NACIONAL	.
TEMA 2. A RENDA DE EQUILIBRIO	.
TEMA 3. O ESTUDO DO MULTIPLICADOR	.
TEMA 4. O INVESTIMENTO. A CURVA IS	.
TEMA 5. A POLÍTICA MONETARIA E A CURVA PM	.
TEMA 6. O MODELO IS-PM E A GRANDE RECESIÓN DO 2008	.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A3 A9 A11 A12 A17 A21 A23 A24 B2 B1 B14 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B4 B3 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	17	34	51
Proba obxectiva	A3 A9 A17 A21 A23 A24 B1 B4 B5	5	29	34
Solución de problemas	C6 C7 C8	25	25	50
Atención personalizada		15	0	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	As actividades docentes do curso abarcarán clases maxistras, ademais de clases prácticas. Utilizarase a linguaxe oral, a linguaxe matemática e a linguaxe gráfica para a explicación dos diferentes temas do programa docente. Todos os contidos someteranse ás probas obxectivas nas datas establecidas pola Facultade, tanto na primeira, coma na segunda oportunidade, coma na oportunidade adiantada.
Proba obxectiva	Os exames da asignatura se realizarán nas convocatorias oficiais, nas datas establecidas pola Facultade, tanto na primeira, coma na segunda oportunidade, coma na oportunidade adiantada. Esta proba se puntuará entre 0 e 4 puntos, debendo o alumno obter como mínimo 2 puntos para superar dita proba. Esta proba poderá consistir nunha batería de test con resposta múltiple, sendo correcta soamente unha. Os erros restarán puntuación. Algúns dos test poderán consistir na obtención de resultados de problemas, sendo o sistema de avaliación de estes test o mesmo que o dos restantes test. O exame tamén poderá conter temas de desenvolvemento do programa e/ou a proposta de problemas, pois consideramos que o desenvolvemento de contidos con linguaxe literario, gráfico e matemático é adecuado no estudo da Macroeconomía.
Solución de problemas	Na aula se poderán propoñer problemas que os alumnos deberán resolver, así como a realización de traballos. Os problemas e os casos terán estreita relación con cada un dos temas que se explicaron nas sesións maxistras. A medida que se van explicando os temas, poderanse propoñer avaliacións dos temas tratados. Estas avaliacións non serán liberatorias en ningún caso. As puntuacións acadadas polos alumnos formarán parte do 60% asignado á solución de problemas na clase e mais á actividade de clase.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Proba obxectiva Solución de problemas	<p>A atención personalizada ó alumno levarase a cabo de forma presencial ou virtual. A atención personalizada se debe entender como unha labor continua.</p> <p>Alumnos con dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: empregárase a plataforma do Campus Virtual, Teams e o correo electrónico como vehículo de comunicación principal para a xestión de contidos, titorías e a entrega de traballos. O estudante que se atope nestas circunstancias debe poñerse en contacto cos seus docentes vía correo electrónico no mes de setembro.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A3 A9 A17 A21 A23 A24 B1 B4 B5	Esta proba se celebrará nas datas establecidas pola Xunta de Facultade, correspondentes ós exames finais, tanto na primeira oportunidade coma na segunda, coma na oportunidade adiantada de decembro. A nota máxima desta proba será de 4 puntos. Para superar a proba obxectiva o alumno debe acadar como mínimo 2 puntos no examen. O alumno se considerará aprobado na asignatura sempre que a súa nota total, suma da proba obxectiva (sempre que nela se obtiveran polo menos 2 puntos) e dos problemas ou actividades de clase propostas, sexa de 5 ou máis puntos. Esta proba poderá consistir nunha batería de test con respostas múltiples, sendo correcta unha delas. Algúns dos test poderán consistir na obtención de resultados de problemas. Os fallos restarán puntuación.	40
Solución de problemas	C6 C7 C8	O profesor propoñerá ós alumnos actividades que se deben desenvolver ó longo do curso. O profesor utilizará aquelas actividades, como solución de problemas e exposición de resultados, realización de exercicios sobre os contidos, e realización de traballos, que estime máis axeitada para o seguimento do curso. Se valorará a resolución e a exposición dos problemas ou traballos na clase, de forma individual ou en conxunto e mailas solucións dadas ós exercicios propostos. A calificación máxima destas actividades é de 6 puntos. Estas actividades poderanse avaliar tamén a través de cuestionarios que se presentarán periodicamente ós alumnos. O número de cuestionarios no cuadrimestre será de tres. As calificacións que se obteñan nestos cuestionarios se inclúen no 60% reservado a actividade da clase. Para os alumnos que teñan dispensa académica de exención de asistencia ás clases estes cuestionarios poderanse realizar en datas e horarios diferentes dos establecidos para o resto dos alumnos. As puntuacións que se houberan acadado (máximo 6 puntos) non terán en ningún caso carácter liberatorio dos contidos do programa.	60

Observacións avaliación



1.-

Sobre a avaliación da segunda oportunidade e oportunidade adiantada

a)

Segunda oportunidade: atendendo ao artigo 18, apartado 5, das Normas de Avaliación, Revisión e Reclamacións das Calificacións dos Esstudos de Grado e Mestrado, a segunda oportunidade deber garantir a posibilidade de superación da materia polo estudante, polo que compre modificar os porcentagem de cualificación respecto da primeira oportunidade. Polo tanto a solución de problemas, pasaría a supoñer un 30% da cualificación e a proba obxectiva un 70%. Na segunda oportunidade conservaranse polo alumno as calificacións acadadas na avaliación continua (cunha ponderación de un 30%), pero non a acadada na proba obxectiva.

b)

Oportunidade adiantada: As condicións de avaliación da oportunidades adiamantada (art. 19 das Normas de Avaliación, Revisión e Reclamacións das Calificacións dos Esstudos de Grado e Mestrado Universitario) serán específicas para esta oportunidade. Esta será avaliada por medio de unha proba que representará o 100% da calificación final.

2.-

Sobre mínimos nos criterios de avaliación:

Non

se require unha calificación mínima na parte da avaliación continua. Para a proba obxectiva é necesario obter un 50% da calificación posible para poder superar a materia. Este requisito aplícase tanto á primeira como á segunda oportunidade. No conxunto das dúas partes o alumno deberá obter una puntuación mínima de 5 puntos para superar a materia, pero sempre que na proba obxectiva acade un mínimo do 50% da puntuación da proba.

3.-

Sobre as condicións de realización da avaliación final.

Está

prohibido acceder á aula de examen con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información.

4.- A calificación de non

presentado corresponde cando o alumno só participe nas actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% da calificación final, con independencia da calificación acadada.

Fontes de información

Bibliografía básica

- PATEIRO RODRÍGUEZ, C, M.J. FREIRE, L.A. VEIGA, L. VARELA, F. BRUNA, M. BARREIRO (2015). PRINCIPIOS DE MACROECONOMÍA. LIBRO DE PROBLEMAS, TEST Y EXÁMENES RESUELTOS. REPROGRAFÍA NOROESTE, S.L.
- MOCHÓN MORCILLO, F. , DE JUAN (2009). INTRODUCCIÓN A LA MACROECONOMÍA. MCGRAW-HILL
- BLANCHARD, O (2017). MACROECONOMÍA. PEARSON
- MOCHÓN MORCILLO, F. , DE JUAN (2008). INTRODUCCIÓN A LA MACROECONOMÍA EJERCICIOS. EDESA
- PATEIRO RODRÍGUEZ, C., L.A. VEIGA, L. VARELA, F. BRUNA (2014). PRINCIPIOS DE MACROECONOMÍA. . REPROGRAFÍA NOROESTE, S.L.
- DORNBUSCH, R. Y S. FISCHER (VARIAS EDICIONES). MACROECONOMÍA. MCGRAW-HILL



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- KRUGMAN, P. WELLS, R. y K. GRADY (2015). FUNDAMENTOS DE ECONOMÍA . REVERTE- ESCRIBÁ, F.J. Y OTROS (1995). INTRODUCCIÓN PRÁCTICA A LA ECONOMÍA. MCGRAW HILL- MOCHÓN, F. Y J. DÍAZ DE, REBECA (2010). INTRODUCCIÓN A LA MACROECONOMÍA. EJERCICIOS. EDICIONES ACADÉMICAS- RODRÍGUEZ, J., F. MOCHÓN, Y OTROS (1993). ELEMENTOS Y CUESTIONES DE T. ECONÓMICA. UNED- MOCHÓN, F. Y VICTOR ALBERTO BEKER (2008). ECONOMÍA, PRINCIPIOS Y APLICACIONES. MC-GRAW HILL- JONES, CHARLES, I. (2009). MACROECONOMÍA. ANTONI BOSCH
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase ó alumno un seguimento continuo da asignatura. Aconséllase a asistencia ás sesións magistrais e ás actividades de solución de problemas. Aconséllase ó alumno que resolva cantas dúbidas se lle presenten, ben sexa na aula ou ben sexa na titoría.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías